

Indignación polo desmantelamento do 'Diario Cultural'

Redacción | 09 de Maio de 2018



A directora do 'Diario Cultural', Ana Romaní, durante unha representación de teatro radiofónico do programa.

O desmantelamento do *Diario Cultural* tal e como se coñecía despois de 28 anos de emisión na **Radio Galega** está provocando unha enorme vaga de reaccións no mundo da cultura. Asociacións profesionais, intelectuais, xornalistas, escritoras, deputadas ou organizacións políticas amosan a súa indignación e rexeitamento nas redes sociais e en comunicados.

A **Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega** emitiu unha declaración en que se dirixe á dirección da radio pública para “demandar a continuidade do *Diario Cultural*” e amosar “o seu apoio a toda a equipa do programa dirixida pola poeta e xornalista **Ana Romaní**”. “Eliminan un recoñecido programa, emblemático, e diminúe deste xeito a xa cativa programación sobre a nosa cultura e a nosa literatura”, engade.

A asociación tamén critica que a emisora anuncie “a desaparición de dous informativos diarios, cos seus contidos culturais, que se facían desde as delegacións locais da Coruña, Vigo, Lugo e Ourense”. “As realidades locais, nas que se incardina tanta da nosa cultura, e os creadores e creadoras que dan forma á nosa biodiversidade cultural, ficarían minorizadas”, di, “esta mudanza empobrece de xeito determinante o conxunto da Radio Galega”.

A **Asociación Galega de Editoras** pronunciouse vía twitter, medio a través do que reivindicou “a permanencia do *Diario Cultural* na Radio Galega polo seu apoio á difusión do libro galego”. A **Mesa pola Normalización Lingüística** “súmase ao clamor para que se manteña” o programa. Como o fixeron **Escena Galega**, “a asociación de referencia para o sector profesional das artes escénicas”, e a **Asociación de Xestores Culturais**. Ou empresas editoriais como **Kalandraka** e **Apiario**.

Na esfera política

A esfera política non permaneceu allea á indignación desatada pola decisión unilateral da dirección da Radio Galega. O **BNG** lamentou a supresión crecente de “voces e contidos críticos” da grella radiofónica e “o uso absoluto da CRTVG ao servizo” do PP. **Compostela Aberta** dixo tratarse doutro “paso máis no exterminio de toda illa de diversidade e pluralidade nos medios públicos”. A **Deputación da Coruña** falou no mesmo sentido.

A portavoz nacionalista **Ana Pontón**, a eurodeputada do Bloque **Ana Miranda**, o alcalde de Compostela **Martíño Noriega** (Compostela Aberta), a dirixente socialista **Mercedes Rosón** ou o deputado no Congreso de En Marea **Miguel Anxo Fernán Vello** tomaron partido en defensa da conservación do *Diario Cultural*. E ducias de escritores, escritoras e xornalistas activos nas redes sociais deron percorrido aos hashtags **#SalvemosODiarioCultural** e **#QueremosDiarioCultural**.

Podes ver este artigo na próxima dirección